

## **CONVENIO REGULADOR PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN-NOMINATIVA PARA O ANO 2023 ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CURTAS FILM FEST.**

En Vilagarcía de Arousa, a data da sinatura dixital

Dunha parte D. Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, con enderezo na Praza Ravella nº 1 – 36600- Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra parte D. Luís Miguel Rosales Diz, con DNI 35.472.475-N, como presidente da asociación cultural Curtas Film Fest, con CIF G-94137379 e enderezo en rúa García Lorca nº 5 – Planta 5 – Porta B de –Vilagarcía de Arousa, actuando en representación desta entidade.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio e de común acordo

### **EXPOÑEN**

#### **PRIMEIRO: NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Existe por un lado a Lexislación Autonómica: Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 de 9 de xaneiro, Regulamento da Lei 9/2007. Por outro lado aplícase a Lexislación Estatal nos seus preceptos básicos: Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003.

## **SEGUNDO: NORMATIVA ESPECÍFICA**

O artigo 25.2.m da Lei de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985) establece como competencia propia dos concellos *a promoción da cultura e equipamentos culturais, sendo unha das finalidades deste concello incentivar a creación cultural apoiando material e economicamente os procesos creativos e promover o patrimonio cultural, organizando, subvencionando, patrocinando e colaborando en todos aqueles eventos a favor da conservación e defensa da tradición cultural do noso pobo, así como a formación, promoción e produción de actividades de toda índoles (festivais, exposicións, patrimonio, historia...) de interese xeral e para todo o público en xeral.*

## **TERCEIRO: XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO**

O presente convenio ten como obxecto establecer o marco da subvención nominativa que o Concello de Vilagarcía de Arousa concede á asociación cultural Curtas Film Fest (A ASOCIACIÓN), para a realización das actividades destinadas a fomentar e satisfacer os intereses culturais e inquietudes do concello así como dos seus habitantes, mediante o desenvolvemento dunha dobre labor social e educativa e contribuír á conservación do patrimonio cinematográfico municipal a través da celebración do Curtas Festival do Imaxinario.

A asociación cultural Curtas Film Fest, nace co obxectivo da difusión e promoción da cultura cinematográfica e popular, así como incentivar a vocación e interese polo estudo e o goce do cine, a literatura e o cómic entre outras artes creativas, de forma crítica e educativa. Unha das finalidades principais da asociación era o de potenciar o antigo Festival de Curtas do Liceo Casino, que nos últimos anos ven organizando esta asociación transformándose no que hoxe é coñecido como Curtas Film Fest.

Dende a súa reconversión en 2016, Curtas acolle todo tipo de ficción e realidades máis aló do cinema, incluíndo outras disciplinas artísticas como a ilustración, a banda deseñada, a literatura e mesmo a música, dando cabida a multitude de actividades culturais diversas baixo o denominador común do fantástico resultando así o Curtas Festival do Imaxinario.

Curtas Festival do Imaxinario, presentará producións fantásticas de todo o mundo, sen deixar de lado outros xéneros que se poderán gozar nas seccións especializadas do mesmo título.

**CUARTO:** A subvención que se tramita figura como nominativa nos orzamentos vixentes no ano 2023, por estar vinculada con actividades de interese público, social e humanitario, que se desenvolven de maneira permanente, polo tanto a subvención non pode ser obxecto de convocatoria pública dado as súas características especiais.

**QUINTO:** Quedará acreditado o interese público, social, económico da subvención a través da memoria explicativa das actividades da entidade dentro do termo municipal destinada a:

- Promover e difundir a cultural popular así como o coñecemento da linguaxe audiovisual.
- Fomentar a creatividade dos novos talentos emerxentes.
- Axudar a dinamizar e promoción turística.
- Conservar o patrimonio cinematográfico municipal a través do Festival Curtas Fest.
- Promocionar ferramentas nos centros educativos para analizar a linguaxe audiovisual, a composición, os valores, entre outras nas aulas.
- Incentivar a lectura de temas fantásticos e ciencia ficción desde os máis pequenos aos adultos.
- Fomentar a lingua galega.
- Promover a igualdade.

**SEXTO:** O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

## **CLAUSULAS**

### **PRIMEIRA: OBXECTO DA SUBVENCIÓN:**

A presente subvención ten por obxectivo sufragar os gastos correntes derivados das distintas actividades que se desenvolverán para a **51ª edición do CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO** que se celebrará en Vilagarcía de Arousa entre o 6 de outubro e o 26 de novembro de 2023.

A presente subvención é compatible coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, poderá superar o custe da actividade subvencionada.

### **SEGUNDA: DEVENGO**

A actividade a subvencionar é a *51ª edición CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO de Vilagarcía de Arousa* que este ano presentará produción fantásticas de todo o mundo, a realizar desde o 6 de outubro ata o 26 de novembro de 2023. Tendo en conta a magnitude do evento que obriga a preparación do mesmo con meses de antelación, establécese o período de gasto elixible dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2023, concedéndose a cantidade de 50.000,00 € (CINCUENTA MIL EUROS) con cargo á partida orzamentaria de 334-48002.

Este ano 2023 o festival tentará desenvolver as proxeccións e actividades en catro espazos diferentes: Salón García, Sala Rivas Briones, Auditorio Municipal, Praza de Peixería e así mesmo en distintas rúas de Vilagarcía, sendo a entrada de balde para todas elas ata completar os aforos.

**TERCEIRA:** A subvención figura nominativamente nos orzamentos municipais, polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación dos mesmos e cumprido o trámite de asinar o presente convenio. O órgano competente para a tramitación do gasto é o Alcalde-Presidente ou órgano en quen delegue.

**CUARTA:** O beneficiario comprométese a destinar esta subvención á realización das actividades fixadas e a cumprir co obxectivo contemplado na cláusula primeira.

### **QUINTA: TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONS E REXISTRO ELECTRÓNICO NA SEDE DO CONCELLO**

A confección de toda a documentación realizarase a través de Plataforma de Xestión de Subvencións, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición os Balances, a Conta Xustificativa e os anexos dos modelos normalizados e na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación que unha vez validada, xerará os documentos finais en formato PDF, os cales que deberán presentarse asinados dixitalmente polo representante legal da asociación cultural Curtas Film Fest e rexistrarse en forma e prazo na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

### **SEXTA: INICIO PROCEDIMENTO**

Para o inicio do procedemento de concesión da subvención é preceptivo que a asociación presente no Rexistro Electrónico do Concello ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)) unha copia asinada electronicamente do presente convenio xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2023 (modelo anexo I) da 51ª edición do Festival.

Presentarase no prazo máximo dun mes a contar dende a recepción do convenio que será remitido polo departamento do concello que corresponda. No caso de non presentarse o convenio asinado e co orzamento no prazo de 1 mes dende o envío por parte do departamento municipal correspondente, entenderase que renuncia a sinatura do mesmo e polo tanto renuncia á subvención nominativa.

### **SÉPTIMA: A FORMA DE PAGO**

Como regra xeral o pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa (cláusula novena) da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 31 da Lei de Subvencións de Galicia, a presente subvención ten o carácter de prepagable o que implica que, con anterioridade á presentación da conta xustificativa, o Concello comprométese ao pagamento do 50% da subvención unha vez asinado o presente convenio. A xustificación do pago anticipado reside na imposibilidade de que pola entidade

beneficiaria se acometan as actividades inherentes ao obxecto subvencionado sen a previa obtención da fonte de financiamento que lle supón a presente subvención, por carecer da liquidez necesaria para comezar as diversas contratacións propostas para o certame, xa que foi imposible o negociado do convenio cos bancos, e a data da inauguración das exposición é o 6 de outubro, polo que é necesario comezar inmediatamente coa súa produción.

### **OITAVA: PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

A data límite para a presentación da documentación xustificativa é o VENRES 1 decembro ás 23:59 h pola sede electrónica.

A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello, sempre e cando conten coa documentación suficiente para xustificar a subvención concedida tendo en conta que o gasto elixible vai do 1 de xaneiro de 2023 ata o 30 de novembro de 2023, ambos inclusive.

### **NOVENA: DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN**

A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello, deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello ([sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)) a seguinte documentación xustificativa:

1. **Anexo I- Balance de ingresos e gastos** previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado tal e como establece a cláusula sexta.
2. **Memoria técnica do desenvolvemento das actividades** da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
  - Introducción/ Xustificación Obxectivos
  - Programación: actividades desenvoltas
  - Persoas destinatarias/beneficiarias/asistentes globais de todo o festival
  - Calendario previsto e modificacións realizadas
  - Recursos utilizados (humanos e materiais)
  - Explicación dos gastos realizados (actividades, dietas, materiais, etcétera).
  - Avaliación e conclusións da 51ª edición.

3. **Anexo II- Declaración da Conta Xustificativa** asinada polo representante legal da entidade, dos apartados a) ata o i) e que conterá no seu apartado a) o detalle de:
  - O importe dos gastos realizados, coincidente cos recollidos no Anexo III e que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello (apartado a) do anexo II).
  - A relación detallada dos ingresos e/ou compromisos de ingresos cos que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
4. **Anexo III- Relación ordenada de facturas correspondentes aos gastos** para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).
5. **Facturas orixinais, ordenadas de acordo coa orde do Anexo III e que cumpran cos** requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado **dende o 1 de xaneiro ata o 30 novembro de 2023** (período de devengo establecido).
  - a. Como mínimo conterán:
    - nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
    - Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario.
    - Descrición detallada (concepto, servizo, ...) e data de realización da operación.
    - Importe, desagregado do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este desagregado recollerase nos anexos III e IV.
    - Recargos, descontos e retencións aplicables.
    - Domicilio fiscal da asociación cultural Curtas Film Fest.
  - b. Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos, etcétera)
  - Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
  - **As operacións cun importe superior aos 1.000€ non poderán ser pagadas en efectivo**, de acordo co previsto na lei 11/2021 de 9 de xullo, (Lei Antifraude) que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de Outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente.
  - No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos e cunha contía inferior aos 1.000,00€.-, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
    1. “Pagado” ou “Recibín”
    2. Data do pago.
    3. Sinatura e identificación da mesma (DNI e nome completo de quen asina)
    4. Selo da empresa
    5. Domicilio fiscal e CIF da asociación cultural Curtas Film Fest.
6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas dun informe específico onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.
7. **Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas**, seguindo as seguintes instrucións:
- A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.



- De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6 ) ou indicación de que a actividade non está realizada.
8. **Anexo V- Balance de ingresos e gastos reais ou realizados.** No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá facerse como *“Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación”*.
  9. **Anexo VI- Declaración responsable ou certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.** (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social, etcétera). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.  
Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3.000€, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentarase o **anexo VI**.  
Esta documentación presentarase con convenio asinado no caso de que se solicite o anticipo da subvención.
  10. **Certificación bancaria** do número de conta.
  11. **Fotocopia DNI do representante** da asociación cultural Curtas Film Fest.
  12. **Fotocopia do NIF da asociación** cultural Curtas Film Fest.
  13. **Certificación expedida polo secretario/a da asociación** de que a persoa que asina a solicitude é o representante legal da entidade, ou documento de nomeamento da mesma.

Unha vez finalizado o exercicio 2023, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

## **DÉCIMA: FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DO CONCELLO**

A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións: CLUBER, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es>, na que terán a súa disposición os Balances, a Conta Xustificativa e distintos anexos dos modelos normalizados e, na que obrigatoriamente deberán cubrir toda a documentación que, unha vez validada, proporciona a documentación en formato PDF que deberá ser asinada dixitalmente polo representante legal da asociación cultural Curtas Film Fest e rexistrarse na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa en prazo e forma.

Tendo en conta que o Rexistro Electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas xerais de presentación no Rexistro:

- Un PDF por cada anexo.
- Un PDF cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un PDF coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula novena do presente convenio e na mesma orde en que se piden.
- Un PDF coa listaxe de facturas (Anexo III)
- Un PDF coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no Anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. Por exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación, e así sucesivamente.
- Un PDF coa listaxe de facturas entregadas ou a entregar noutras Administracións públicas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo, e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. Por exemplo: factura 1 da relación,

xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación, e así sucesivamente.

- Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas, etcétera).

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberán ter unha denominación acorde co contido do documento e que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte da asociación cultural Curtas Film Fest o beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

**UNDÉCIMA:** O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Departamento de Comunicación.

**DUODÉCIMA:** A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

**DECIMO TERCEIRA:** O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación ou información que sexa necesaria.

#### **DÉCIMO CUARTA: CAUSAS DE REINTEGRO**

Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

#### **CLÁUSULA ADICIONAL INFORMATIVA:**

1. Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do exercicio 2023 e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervinientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.

Polo Concello de Vilagarcía de Arousa o Alcalde-Presidente D. Alberto Varela Paz e por parte da asociación cultural Curtas Film Fest, D. Luís Miguel Rosales Diz.

Asdo.

D. Alberto Varela Paz  
Alcalde-Presidente

Asdo.

D. Luís Miguel Rosales Diz  
Presidente